

EXPEDIENTE	2026006249
ASUNTO	Modificación de créditos 01/2026
TRÁMITE	Informe-Proposta do servizo de Benestar Social

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento da Deputación para o exercicio 2026, e comprobado que existen necesidades no servizo de Benestar Social, a xefatura de servizo co visto e prace da deputada delegada de área, no que á planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente INFORME-PROPOSTA de suplementación financiada con cargo a remanentes de Tesourería:

PRIMEIRO.-Estando previsto no orzamento inicial a relación de subvencións nominativas do Servizo de Benestar Social, e visto o anexo das bases de execución do orzamento 2026 non foron incorporadas por erro as seguintes entidades:

NIF	BENEFICIARIO
G36697324	ASOC. SINDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA-VIGO
G36368488	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER MORRAZO (AFAMO)
G36846152	ARELA ASOCIACIÓN

En consecuencia, propónse a concesión de subvención ás seguintes entidades na aplicación 231-2313-480.02:

NIF	BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE
G36697324	ASOC. SINDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA-VIGO	15.000,00	AUTONOMÍA PARA A VIDA: PROGRAMA DE AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECAMENTO DO ENTORNO
G36368488	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER	24.000,00	ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS AFECTADAS DE ALZHEIMER E OUTRAS



	MORRAZO (AFAMO)		DEMENCIAS NEURODEXENERATIVAS
G36846152	ARELA ASOCIACIÓN	13.000,00	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA NENAS, NENOS E ADOLESCENTES RESIDENTES NAS CASAS DE FAMILIA ARELA DE VIGO

DOWN VIGO – ASOCIACIÓN PARA O SÍNDROME DE DOWN, con NIF G36697324 para a execución do proxecto “Autonomía para a vida: programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno”.

A finalidade desta actividade é o fomento de prácticas e hábitos da autonomía persoal e social das persoas coa síndrome de Down ou con outras diversidades intelectuais de forma individualizada, integral e ao longo da súa vida para alcanzar competencias en todas as áreas.

Esta formulación non se centra só nas persoas con diversidade, senón tamén na sociedade en xeral. Neste sentido, o labor das organizacións, das e dos profesionais e das familias debe consistir en achegar unha crítica da situación e propoñer e demandar cambios nos diferentes contextos que favorezan unha maior aceptación e participación das persoas con diversidade coa finalidade de superar todas as barreiras que se lles presentan ao longo das súas vidas.

As persoas beneficiarias deste proxecto reciben a través dos diferentes servizos da asociación as ferramentas necesarias para acadar a da autonomía desde idades temperá ata a etapa adulta. Estes servizos son as áreas de Integración Social, Atención Temperá, Inclusión Educativa, Logopedia, Habilitación Psicosocial, Formación e Emprego.

AFAMO, con NIF G36368488 para a execución do proxecto “Atención integral a persoas afectadas de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas ”

A finalidade desta actividade é mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de alzhéimer e outras demencias mediante a realización de actividades de fisioterapia e terapia ocupacional. O obxectivo Xeral é mellorar a calidade de vida e aumentar a súa funcionalidade e autonomía nas actividades da vida diaria.



ARELA - ASOCIACIÓN APOIO Á INFANCIA E MOCIDADE con NIF G36846152 para a execución do proxecto “atención individualizada para nenas, nenos e adolescentes residentes nas casas de familia ARELA de Vigo ”

A finalidade desta actividade é atender nenas, nenos e adolescentes tutelados ou en situación de garda derivados polo Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia.

A través deste proxecto desenvolveranse actividades de apoio escolar e reforzo educativo; acompañamento nos momentos de ocio; asesoramento para escoller actividades de lecer positivas, especialmente no caso das e dos adolescentes que gozan de ocio de xeito autónomo; formación e acompañamento ás familias en todos estes aspectos; concertos; obradoiros; e accións de formación e sensibilización coa finalidade de establecer as bases, os coñecementos, as actitudes e ferramentas necesarias para adoptar comportamentos máis igualitarios e menos tolerantes con todo tipo de violencia contra as mulleres.

SEGUNDO.- Nas bases de execución do orzamento 2026 está prevista a relación de subvencións nominativas do Servizo de Benestar Social entre as que figura a ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - (AFAGA)(G36776920) para a execución do proxecto “Servizo de atención integral á contorna familiar e convivencial de persoas con demencia”. Tendo en conta a labor desenvolvida pola entidade, propónse un incremento da subvención nominativa actualmente consignada por importe de 22.000,00 €, nunha contía adicional de 2.000,00 €, acadando así un total de 24.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-2313-480.02.

Esta proposta xustifícase na necesidade de equiparar a contía asignada á devandita entidade coas concedidas a outras entidades que desenvolven actuacións no mesmo ámbito material e xeográfico, garantindo deste xeito criterios de equidade, homoxeneidade e coherencia na asignación de recursos públicos.

O incremento proposto permitirá reforzar as actividades e servizos que a entidade vén prestando, mantendo a calidade da intervención social e asegurando a continuidade das actuacións previstas.

TERCEIRO.- Dotar con crédito, 15.000,00€, na aplicación 231-2313-480.02 para a concesión dunha subvención á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de

Firmado por: PAULA BOUZÓS BARROS - ***9944**
Cargo: Deputada delegada
Data: 13/02/2026 15:40

Firmado por: SANDRA VÁZQUEZ VÁZQUEZ - ***6328**
Cargo: Xefa de Servizo de Benestar Social
Data: 12/02/2026 15:54



Galicia (FAXPG) (G15068091) para a execución do proxecto “Mediación para a comunicación e o fomento da autonomía persoal de persoas xordas en situación de especial vulnerabilidade social”.

A subvención ten como finalidade o financiamento do proxecto “Mediación para a comunicación e o fomento da autonomía persoal de persoas xordas en situación de especial vulnerabilidade social”, cuxo obxectivo principal é fomentar a autonomía persoal das persoas con xordeira e mellorar a súa capacidade comunicativa, como elementos esenciais para a súa inclusión social e o exercicio efectivo dos seus dereitos.

A FAXPG identifica como persoas xordas en situación de especial ou extrema vulnerabilidade social ás persoas xordocegas, ás persoas xordas con discapacidade asociada, ás persoas xordas institucionalizadas, ás persoas xordas inmigrantes e, en xeral, a aquelas persoas xordas que carecen dun canle de comunicación funcional no seu contorno máis próximo. As características comunicativas específicas deste colectivo, ao empregar linguaxes non sempre compartidas polo seu ámbito social inmediato, sitúan a estas persoas nunha situación de illamento social e comunicativo severo, que deriva frecuentemente en deterioro cognitivo e psicolóxico, así como nunha limitación significativa da mobilidade autónoma e da capacidade de autodeterminación.

Neste contexto, o proxecto presentado pola FAXPG propón unha intervención especializada e de alta intensidade asistencial, baseada na mediación comunicativa e no acompañamento individualizado, co obxectivo de eliminar ou reducir de maneira significativa o illamento social e comunicativo das persoas xordas en situación de maior vulnerabilidade, favorecendo o seu desenvolvemento persoal, social e comunitario.

A actuación proposta resulta de especial interese social, ao dirixirse a un colectivo con necesidades moi específicas e escasamente cubertas polos recursos ordinarios, complementando a acción dos servizos públicos e contribuíndo á igualdade de oportunidades e á inclusión social efectiva.

Por todo o exposto, considérase xustificada e necesaria a modificación orzamentaria proposta, consistente na dotación de crédito por importe de 15.000,00 € na aplicación 231-2313-480.02, para posibilitar a concesión da subvención á Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para a execución do citado proxecto,



ao entender que o mesmo se axusta aos obxectivos das políticas públicas de benestar social e atención ás persoas en situación de vulnerabilidade.

CUARTO.- Dotar con crédito, 10.000,00 €, na aplicación 231-2313-480.02 para a concesión dunha subvención á Asociación Cultural O Castro de Baión (G36116879) para a execución do proxecto "Intervención sociosanitaria ás persoas maiores da Asociación Cultural O Castro".

A finalidade deste programa é mellorar a calidade de vida das persoas da terceira idade, a través de servizos que fomentan a autonomía persoal, a integración social e o benestar emocional e físico, así coma un envellecemento activo e saudable.

O progresivo incremento da esperanza de vida da poboación, unido á escaseza de recursos específicos destinados ás persoas maiores que non presentan necesidades derivadas da situación de dependencia, xera unha demanda crecente de actuacións preventivas e de apoio comunitario que contribúan a evitar situacións de illamento social, deterioro funcional ou perda de calidade de vida.

Neste contexto, a Asociación Cultural O Castro de Baión vén desenvolvendo desde o ano 2015 a Unidade de Voluntariado de Atención a Persoas Maiores, iniciativa pioneira no ámbito local que, por unha banda, fomenta a participación activa e o voluntariado entre as propias persoas da terceira idade, e por outra, ofrece servizos e actividades de carácter sociosanitario, social e comunitario, contando para iso cun equipo interdisciplinar que garante unha atención integral e adaptada ás necesidades das persoas participantes.

O proxecto presentado pola entidade resulta de especial interese social, por canto complementa os recursos públicos existentes, reforza a atención preventiva ás persoas maiores e contribúe ao mantemento das mesmas no seu contorno habitual, favorecendo a cohesión social e o benestar comunitario.

Por todo o exposto, considérase xustificada e necesaria a dotación de crédito por importe de 10.000,00 € na aplicación orzamentaria 231-2313-480.02, co fin de posibilitar a concesión da subvención á Asociación Cultural O Castro de Baión para a execución do citado proxecto, ao entender que o mesmo se alíña cas políticas sociais que promove o Servizo de benestar social da Deputación de Pontevedra en atención ás persoas maiores.

Firmado por: PAULA BOUZÓS BARROS - ***9944**
Cargo: Deputada delegada
Data: 13/02/2026 15:40

Firmado por: SANDRA VÁZQUEZ VÁZQUEZ - ***6328**
Cargo: Xefa de Servizo de Benestar Social
Data: 12/02/2026 15:54



QUINTO.- Dotar con crédito, 100.000,00 €, na aplicación 231/2311/22707 - PROXECTOS E PROGRAMAS DE BENESTAR SOCIAL, o incremento de remanentes proposto resulta necesario para garantir a correcta execución de distintas actuacións no ámbito do benestar social:

- En primeiro lugar, faise imprescindible o incremento de crédito en 40.000,00 euros, destinado á licitación do Servizo de Teleasistencia, co obxectivo de dar continuidade ao servizo e mellorar as súas prestacións, adaptándoo ás necesidades actuais das persoas usuarias e aos requisitos técnicos e normativos vixentes. A nova licitación supón unha actualización do modelo de servizo e, en consecuencia, un maior custo, o que xustifica a necesidade de dispoñer de remanentes suficientes para a súa correcta execución.
- Proponse o incremento de crédito no Programa Provincia Activa que ten como finalidade favorecer o envellecemento activo das persoas maiores da provincia de Pontevedra a través da impartición de distintos obradoiros, englobados nas temáticas que figuran no catálogo, coa fin de favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia para evitar así o illamento e as situacións de soidade. Este programa ten como obxectivo promover a inclusión social ao facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra. Ofértanse 160 obradoiros, cun número máximo de 25 persoas participantes por cada un deles, o que supón a participación de máis de 3.000 persoas, coas seguintes temáticas: Benestar Natural, Saúde en Movemento, Emociónate, Outra Vida, Con Ritmo!, Redeir@s e Cerebro Activo. No ano 2025 presentáronse 316 solicitudes, foron admitidas 276 solicitudes, adxudicándose 130 obradoiros e 146 pasaron a formar parte da lista de agarda. Co fin de ampliar os obradoiros, dado o interese social previsto, atendendo á demanda detectada ao longo dos anos e o elevado interese suscitado dende as entidades sociais da provincia de Pontevedra, no marco do programa, o incremento proposto ascende a 60.000,00 euros.

En consecuencia, o incremento de remanentes solicitado responde á necesidade real de financiamento destas actuacións, que resultan estratéxicas para o fortalecemento das políticas de benestar social, non supoñendo en ningún caso a renuncia ás accións previstas, senón a súa correcta planificación, ampliación e execución efectiva.



Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, trasládase a seguinte PROPOSTA:

De modificación orzamentaria de suplementación de crédito a financiar con remanentes de tesourería, para a habilitación de crédito conforme o seguinte:

231. BENESTAR SOCIAL

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE CRÉDITO FINAL OBJECTO E FINALIDAD	CRÉDITO FINAL	OBJECTO FINALIDADE E
231-2313- 480.02	ATENCIÓN A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL	1.193.000,00+79.000,00 = 1.272.000,00 €	
G36697324	ASOC. SINDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA- VIGO	15.000,00	Autonomía para a vida: programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno
G36368488	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER MORRAZO (AFAMO)	24.000,00	Atención integral a persoas afectadas de alzheimer e outras demencias neurodexenerativas
G36846152	ARELA ASOCIACIÓN	13.000,00	Atención individualizada para nenas, nenos e adolescentes

Firmado por: PAULA BOUZÓS BARROS - ***9944**
Cargo: Deputada delegada
Data: 13/02/2026 15:40

Firmado por: SANDRA VÁZQUEZ VÁZQUEZ - ***6328**
Cargo: Xefa de Servizo de Benestar Social
Data: 12/02/2026 15:54



			residentes nas casas de familia arela de Vigo
G36776920	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - (AFAGA)	24.000,00	Servizo de atención integral á contorna familiar e convivencial de persoas con demencia
G15068091	Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)	15.000,00 €	Mediación para a comunicación e o fomento da autonomía persoal de persoas xordas en situación de especial vulnerabilidade social
G36116879	Asociación Cultural O Castro de Baión	10.000,00 €	Intervención sociosanitaria ás persoas maiores da Asociación Cultural O CASTRO
231-2311-227.07	PROXECTOS E PROGRAMAS DE BENESTAR SOCIAL	806.262,00+100.000,00 = 906.262,00 €	Servizo de Teleasistencia Programa Provincia Activa

Firmado por: PAULA BOUZÓS BARROS - ***9944**
Cargo: Deputada delegada
Data: 13/02/2026 15:40

Firmado por: SANDRA VÁZQUEZ VÁZQUEZ - ***6328**
Cargo: Xefa de Servizo de Benestar Social
Data: 12/02/2026 15:54

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2026
TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE, POLÍTICA DE GASTO: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
EXPEDIENTE	2026006249

A xefatura de xestión administrativa do CPF, coa conformidade da coordinadora xeral do CPF e da xefa do servizo de Deportes, e co visto e prace do deputado delegado de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, elabora o presente **INFORME – PROPOSTA**

Motivación: realización de reparacións nas instalacións deportivas do CPF

Iniciado o exercicio económico, detectouse que, as instalacións deportivas do CPF requiren da realización de pequenas reparacións para o mantemento e conservación destes edificios. Estas actuacións prevese que sexan realizadas polo persoal adscrito ao servizo de Deportes; en todo caso requiren da adquisición de material para levar a cabo as mesmas.

En base ao exposto, e tendo en conta que non existe a aplicación orzamentaria correspondente, resulta preciso a habilitación do crédito extraordinario 26/232.3420.212.00 – Edificios e outras construcións, reparacións, pola contía de 15.000 €.

Motivación: adquisición de diversos elementos para as instalacións deportivas

Actualmente, tense detectado para o correcto funcionamento do pavillón deportivo e do campo de fútbol, a necesidade de adquisición de diverso material de carácter inventariable. Ditas adquisicións, en todo caso redundarán no correcto funcionamento do servizo que se presta a cidadanía.

En base ao exposto, e tendo en conta o crédito existente na aplicación orzamentaria, resulta preciso o suplementar a aplicación 26/232.3420.623.01 – Equipamentos e instalacións deportivas, na contía de 9.000 €.

Motivación: construcións e melloras nas instalacións deportivas

O orzamento actual, conta coa habilitación de crédito na aplicación orzamentaria correspondente, para a imputación de gasto destinado a realización de obras nas instalacións deportivas. Iniciado o exercicio avalíouse a necesidade de incrementar a dita aplicación orzamentaria para a consecución de pequenas actuacións correctivas nos ditos espazos.

En base ao exposto, e tendo en conta o crédito existente na aplicación orzamentaria, resulta preciso o suplementar a aplicación 26/232.3420.632.03 – Edificios e outras construcións, melloras nas instalacións deportivas, na contía de 9.000 €.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais



- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En consideración do anterior, **PROPÓNSE:**

- A autorización da correspondente modificación orzamentaria – crédito extraordinario:

Aplicación	Actuación	Importe
26/232.3420.212.00	Realización de reparacións nas instalacións deportivas	15.000 €

- A autorización da correspondente modificación orzamentaria – suplemento de crédito:

Aplicación	Actuación	Importe
26/232.3420.623.01	Adquisición de diversos elementos para as instalacións deportivas.	9.000 €
26/232.3420.632.03	Construcións e melloras nas instalacións deportivas	9.000 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2026
TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE, POLÍTICA DE GASTO: SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL
EXPEDIENTE	2026006249

A xefatura de xestión administrativa e a coordinadora xeral do CPF, coa conformidade do deputado delegado de área, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, e de cara á tramitación da correspondente modificación orzamentaria de suplementación de crédito, elabora o presente **INFORME – PROPOSTA**:

Motivación: Arrendamento dun vehículo, sen opción a compra para o CPF

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 17 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicación do procedemento aberto, convocado para a contratación da subministración, mediante arredamento sen opción de compra de diferentes vehículos para os servizos da Deputación (Expediente 2024028056).

Con data 26 de xaneiro de 2026, a xefa de xestión administrativa do CPF, coa conformidade da coordinadora xeral e do deputado delegado de área, vista a organización actual e necesidades do CPF, informou favorablemente a incorporación dunha unidade do vehículo - turismos de 5 prazas híbridos (segmento C) – ao Lote 6 do Centro Príncipe Felipe (CSV: YG7HXBVCJ7Q8QOF3). Asemade, cabe a posibilidade de que, ao longo do ano se avalíe a incorporación dunha nova unidade desta mesma categoría a frota de vehículos do centro.

Tendo en conta o custe do dito subministro, resulta preciso o dotar a aplicación orzamentaria 26/232.2312.204.00 – Arrendamentos de elementos de transporte, de consignación suficiente pola contía de 10.000 € para a imputación correcta do gasto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

En base ao exposto, **PROPONSE**: A autorización da modificación orzamentaria – suplementación de crédito, para a habilitación de crédito conforme o que segue.

Aplicación	Actuación	Importe
26/232.2312.204.00	Subministración, mediante arredamento sen opción de compra dun vehículo para o CPF	10.000,00 €

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

INTERVENCIÓN.-



MCC/naa

ASUNTO: INFORME-PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento da Deputación para o exercicio 2026, e comprobando o detalle no servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1. Modificar a aplicación orzamentaria e o beneficiario correspondente á subvención nominativa para financiar actuacións no marco da celebración da Feira Internacional da Industria Naval (NAVALIA).

Por todo o anterior, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e, seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2025, determínase a necesidade de incluír as seguintes modificacións de crédito no expediente de modificación de crédito 03/2025, co seguinte detalle:

1. Modificar a aplicación a aplicación orzamentaria e o beneficiario correspondente á subvención nominativa para financiar actuacións no marco da celebración da Feira Internacional da Industria Naval (NAVALIA), segundo o seguinte:

Onde se establecía:

240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto e finalidade
240-2410-486.06	A EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO		
G15710338	ASOC CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO	10.000,00 €	FINANCIAR ACTUACIÓN S NO MARCO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DA INDUSTRIA NAVAL (NAVALIA), QUE ESTÁ CONSOLIDADA COMO A PRIMEIRA DE ESPAÑA E A TERCEIRA DE EUROPA DO SECTOR, PARA CONTRIBUÍR A POSICIONAR ÁS EMPRESAS DA PROVINCIA NO MERCADO GLOBAL E AO SEU DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COAS CONSECUENCIAS POSITIVAS PARA A POBOACIÓN DA PROVINCIA EN TERMOS DE EMPREGO.



Modifícase polo seguinte:

240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto e finalidade
240-2410-479.01	A EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO		
B36942241	MUÉSTRALO, ORGANIZACIÓN EVENTOS FERIALES S.L.	10.000,00 €	FINANCIAR ACTUACIÓNS NO MARCO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DA INDUSTRIA NAVAL (NAVALIA), QUE ESTÁ CONSOLIDADA COMO A PRIMEIRA DE ESPAÑA E A TERCEIRA DE EUROPA DO SECTOR, PARA CONTRIBUÍR A POSICIONAR ÁS EMPRESAS DA PROVINCIA NO MERCADO GLOBAL E AO SEU DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO COAS CONSECUENCIAS POSITIVAS PARA A POBOACIÓN DA PROVINCIA EN TERMOS DE EMPREGO.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



ASUNTO: INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACION FACENDA E PATRIMONIO PARA DOTAR DE CRÉDITO NECESARIO A DIVERSAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIA DESTE CENTRO XESTOR PARA FACER FRONTE A DIFERENTES ACTUACIÓNS NO EXERCICIO DE 2026.

A) PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CREDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DA DEPUTACION E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA PARA O PERIODO XUÑO 2026 – XUÑO 2027

A Deputación de Pontevedra debe dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial establecida no artigo 106.2 da Constitución Española e no capítulo IV da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, no exercicio das súas competencias. Esta cobertura abrangue as responsabilidades que, durante a vixencia do seguro, poidan corresponderlle de forma directa, subsidiaria ou solidaria por danos corporais, materiais ou prexuízos consecuais ocasionados a terceiros, tanto no desenvolvemento da súa actividade como na explotación, uso ou utilización dos medios materiais e do patrimonio que posúa por calquera título xurídico.

En base ó anterior, a Xunta de Goberno da Deputación, en sesión celebrada o día 31 de maio de 2024, adxudicou o contrato do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e da Escola Universitaria de Enfermería á aseguradora WR Berkeley Europe AG, Sucursal en España (CIF: W0371455G). O contrato entrou en vigor o 1 de xullo de 2024, cun prazo de duración de dous anos sen posibilidade de prórroga, polo que a súa vixencia rematará ás 24:00 horas do día 30 de xuño de 2026.

Tendo en conta que o vindeiro 30 de xuño de 2026 producirase o vencemento do actual seguro de Responsabilidade Civil da Deputación e da Escola Universitaria de Enfermería, se considera necesario continuar contando con este seguro a partir de dita data, polo que debe iniciarse o correspondente expediente de contratación para a súa adxudicación e formalización con anterioridade ó vencemento da póliza actualmente vixente.

A Deputación ten contratado na actualidade o servizo de mediación dos seus seguros do ramo de Responsabilidade Civil á empresa de mediación WILLIS IBERIA Correduría de Seguros, mediante Resolución Presidencial nº 2026000149, de data 15 de xaneiro de 2026.

Entre os servizos incluídos no contrato de mediación figura o asesoramento previo e os servizos preparatorios para a celebración dos correspondentes contratos de seguros. En cumprimento deste cometido, a correduría WILLIS IBERIA elaborou o *“Informe para la contratación del seguro de Responsabilidad Civil Patrimonial de la Diputación de Pontevedra y la Escuela Universitaria de Enfermería (2026)”*, no que se realiza unha análise detallada das características e condicións requiridas para este seguro.



Dito informe xustifica a idoneidade de realizar a contratación de este seguro de RC mediante un contrato baseado no Lote 5 do Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros, tendo en conta que a Deputación está adherida á Central de Contratación da FEMP mediante acordo plenario adoptado na sesión do 27 de novembro de 2020, polo que pode optar á contratación dos seus seguros a través do citado Acordo Marco.

En base a este Acordo Marco para contratación de seguros, as entidades locais que estean adheridas á Central de contratación da FEMP poden subscribir o correspondente contrato baseado coas empresas adxudicatarias do mesmo, que comprenderá todos os servizos referidos no Acordo Marco coas condicións establecidas nos pregos do mesmo.

No citado Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros figura como LOTE 5 o *"seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial para Entidades Locais e entes dependentes de máis de 50.000 habitantes"* que se adecúa ás necesidades da Deputación de Pontevedra, considérase axeitado subscribir o correspondente contrato baseado para a contratación deste seguro de Responsabilidade Civil.

Este lote 5 do citado Acordo Marco da FEMP foi adxudicado en exclusiva á aseguradora ZURICH, empresa de recoñecido prestixio e elevada especialidade e coñecemento no ramo da Responsabilidade Civil de Administracións Públicas, o que garante a prestación dun servizo de alta calidade.

A taxa de prima neta adxudicada pola FEMP á aseguradora ZURICH no citado lote 5 do Acordo Marco foi do 1,94 por mil (taxa aplicable sobre o orzamento de gastos do organismo a licitar).

Con todo, realizada consulta polo mediador á aseguradora ZURICH, ésta ofreceu a Deputación unha taxa neta do 0,50 por mil que aplicada sobre o orzamento da Deputación e a Escola Universitaria de Enfermería para o exercicio 2026, resulta unha prima total anual de 130.000,00 € (impostos engadidos) dacordo co cálculo seguinte:

ORZAMENTO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026	238.597.397 €
ORZAMENTO ESCOLA UNIVERITARIA DE ENFERMERÍA 2026	661.079 €
TOTAL ORZAMENTO (DEPUTACION E E.U ENFERMERIA) 2026:	239.258.476 €

Calculo prima seguro RC 2026 (xuño 2026-xuño 2027):



Concepto	Importe
Prima Neta anual (0,50 por mil x 239.258.476 €)	120.000,00 €
+ Impostos (IPS 8% + CLEA 0,15%)	10.000,00 €
Prima Total anual seguro RC 2026 (impuestos engadidos)	130.000,00 €

Por tanto, a prima total anual (impuestos engadidos) queda establecida en 130.000,00 € que se considera unha prima adecuada ás condicións económicas do mercado asegurador actual para as características do risco da Deputación de Pontevedra.

Con todo, esta prima supón un incremento sobre a prima do seguro de RC actual vixente ata o vindeiro 30 de xuño de 2026 que foi adxudicado á aseguradora Berkeley en 2024. Dito incremento ven motivado polo incremento do Orzamento da Deputación e a Escola de Enfermería para o exercicio 2026 dado que a prima se calcula en base á citada taxa do 0,50 por mil sobre dito orzamento provincial.

Deste xeito, faise necesario suplementar o crédito actual na aplicación orzamentaria 922.9330.224.01 (Seguros de edificios, locais e Responsabilidade Civil), co seguinte detalle:

Concepto	Importe 2026
Prima Seguro Danos inmoables (2026)	90.000,00 €
Prima Seguro RC Deputación-Escola Enfermería (xuño 2026-xuño 2027)	130.000,00 €
Gasto Total previsto	220.000,00 €
Crédito dispoñible aplicación 26/922.9330.224.01	195.000,00 €
Déficit (necesidade de suplementación)	- 25.000,00 €

Polo exposto, propónse suplementar con 25.000,00 € na aplicación orzamentaria 26/922.9330.224.01 (Seguros de edificios, locais e Responsabilidade Civil), para facer fronte os gastos de ditos seguros para a anualidade 2026.

APLICACION	DENOMINACION	IMPORTE
26/922.9330.224.01	Seguros de edificios, locais e Responsabilidade Civil	25.000,00 €
Total suplemento de crédito		25.000,00 €



B) PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CREDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO DE SUSCRIPCIÓN E ACCESO Á BASE DE DATOS DOCUMENTAL DE CONTRATACIÓN PÚBLICA INTELIXENTE PROPIEDAD DE TENDIOS TECHNOLOGIES S.L.

1. Antecedentes e contexto

A contratación pública, regulada pola LCSP (Lei 9/2017), constitúe un proceso nuclear na xestión de recursos públicos. No desenvolvemento ordinario da actividade contractual xérase un volume elevado de información (pregos, anuncios, informes, adxudicacións, prezos, criterios, prescricións técnicas, solvencias, penalidades, niveis de servizo, etc.). A explotación sistemática deses datos permite mellorar substancialmente a preparación de futuras licitacións. En particular, a fase inicial dos expedientes (memorias xustificativas, pregos técnicos e administrativos, definición de criterios, estimacións económicas, análises de mercado) require un investimento intenso de tempo, coordinación con usuarios e validación técnica, podendo prolongarse semanas ou meses antes do inicio formal do procedemento.

2. Obxecto do contrato/actuación a financiar

O obxecto consiste en:

1. a subscrición e accesos á base de datos documental de contratación pública intelixente propiedade de Tendios, e
2. o servizo de formación, así como a configuración e parametrización necesarias para adaptar a ferramenta ás necesidades da Deputación.

3. Xustificación da necesidade (LCSP)

A actuación xustifícase pola necesidade de:

- dispoñer de referencias contrastadas de licitacións similares (prescricións, criterios, prezos, SLAs, solvencias, etc.),
- reducir a carga de traballo manual en tarefas repetitivas de procura, comparación e síntese documental,
- mellorar a calidade técnica e homoxeneidade da documentación,
- reforzar a planificación e a motivación de decisións técnicas (criterios, requirimentos e estimacións).



A incorporación de tecnoloxías de Intelixencia Artificial permite abordar análise de grandes volumes de datos cuxa xestión manual resulta inviable, identificando patróns, tendencias e referencias útiles para optimizar o deseño de licitacións.

4. Alcance funcional esperado

A ferramenta deberá permitir, entre outros:

- análise de licitacións a nivel local, autonómico, nacional e supranacional,
- consulta e recuperación de expedientes similares,
- extracción de referencias de prezos e condicións,
- identificación de criterios de adxudicación e modelos de avaliación empregados,
- apoio á redacción de documentación (pregos/memorias) mediante recomendacións e automatizacións.

O custo estimado do piloto ascende a 18.000,00 €, que inclúe a subscripción/accesos e os servizos asociados de formación, configuración e parametrización. Sendo necesario incrementar a aplicación 26/922.9200.220.01 nesta cantidade.

Polo exposto, propónse suplementar 18.000,00€ na aplicación orzamentaria 26/922.9200.220.01 para facer fronte ó gasto de suscripción

APLICACION	DENOMINACION	IMPORTE
26/922.9200.220.01	Material de oficina, prensa, revistas, libros e outros	18.000,00 €
Total suplemento de crédito		18.000,00 €

C) PROPOSTA DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS PARA ACTUACIÓN RELACIONADAS CO CONVENIO TEATRO CINA FRAGA.

A Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra son copropietarios nun 51% e 49% respectivamente do inmovible Teatro Cine Fraga de Vigo, sito na rúa Uruguai, 3-5, esquina Rúa Isabel II de Vigo.



En data 29/12/2025 a Xunta de Galicia e a Deputación asinaron un convenio de colaboración para a continuación das obras do Teatro Cine Fraga logo da súa adquisición tendo en conta as porcentaxes de titularidade de cada unha das institucións no citado inmovible

Seguindo as instrucións da Presidencia da Deputación, faise necesario trasladar todo o mobiliario actual do Cine Fraga a unha nave de almacenaxe para a súa custodia temporal.

Para financiar ditas actuacións a Deputación lle corresponde aboar un gasto de 16.000,00 € do traslado das obras e 40.000,00 € do arrendamento da nave.

O arrendamento da nave está previsto que a súa financiación se articule a través dun novo convenio coa Xunta de Galicia.

En consecuencia, propónse a tramitación seguinte:

a. Traslado das pezas do Teatro Cine Fraga de Vigo

proponse a creación dunha nova aplicación orzamentaria coa denominación: *"922.3340.223.00 – Transportes Contratación – traslado mobles Teatro-Fraga"* cunha dotación de 16.000,00 € mediante a tramitación dun crédito extraordinario no vindeiro expediente de modificación de créditos, para facer fronte a dito gasto

b. Aluguer dunha nave almacén para custodia das pezas do Teatro Cine Fraga de Vigo (convenio coa Xunta de Galicia)

Proponse a creación dunha nova aplicación orzamentaria coa denominación *"922.3340.450.05 – A CCAA – XUNTA GALICIA (aluguer nave almacenaxe mobiliario CineFraga)"* cunha dotación de 40.000,00 € mediante a tramitación dun crédito extraordinario no vindeiro expediente de modificación de créditos, para facer fronte a dito gasto

D) CONCLUSIÓN:

Polo exposto no presente informe, tramitar as seguintes modificacións no próximo expediente de modificación de créditos que se tramite:



1) SUPLEMENTOS DE CREDITO

APLICACION	DENOMINACION APLICACION	ACTUACIÓN PREVISTA	IMPORTE SUPLEMENTO
26/922.9330.224.01	Seguros de edificios, locais e Responsabilidade Civil	Contratación do seguro Responsabilidade Civil da Deputación e Escola Universitaria Enfermería para o período xuño2026-xuño2027	25.000,00 €
26/922.9200.220.01	Material de oficina, prensa, revistas, libros e outros	Suscripción á Base de Datos documental de contratación pública intelixente propiedade de Tendios Technologies S.L.	18.000,00 €
Total suplemento de crédito			43.000,00 €

2) CREDITOS EXTRAORDINARIOS

APLICACION	DENOMINACION APLICACIÓN (NOVA)	ACTUACIÓN PREVISTA	IMPORTE crédito extraordinario
26/922.3340.223.00	<i>Transportes Contratación – traslado mobles Teatro-Fraga</i>	Gasto do traslado dos bens mobles do Teatro Cine Fraga a unha nave para a súa custodia temporal (importe correspondente a Deputación)	16.000,00 €
26/922.3340.450.05	<i>A CCAA – XUNTA GALICIA (aluguer nave almacenaxe mobiliario CineFraga)</i>	Convenio Xunta Galicia-Deputación para financiar o aluguer temporal dunha nave para a custodia dos bens mobles do Teatro Cine Fraga (importe correspondente a Deputación)	40.000,00 €
Total crédito extraordinario			56.000,00 €

Sinaturas electrónicas á marxe



EXPEDIENTE	2026006249
ASUNTO	INFORME PROPOSTA PARA TRAMITACIÓN DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DE 2026 DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE_ FINCA MOURISCADÉ
TRÁMITE	SOLICITUDE

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos para a mellora do funcionamento do laboratorio da finca Mouriscade que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, trasládase a seguinte proposta de modificación orzamentaria de suplemento de crédito para financiamento con remanentes de Tesourería, conforme ó seguinte cadro:

Aplicación	Obxecto / xustificación.	Importes (IVE engadido)
410.4120.623.01	Suministración, instalación e posta en marcha de cerramientos ventilados con control de fluxo volumétrico, no laboratorio da Finca Mouriscade: O obxecto da actuación inclúe: A substitución do sistema de extracción existente no laboratorio de análise físico-químico, actualmente composto por 4 vitrinas de gases, por un cerramento ventilado con control de fluxo volumétrico dotado de fregadeiro exterior, que permita unha extracción máis eficiente, segura e adaptada ás necesidades reais de traballo. Unha das vitrinas existentes, destinada ao manexo de ácidos concentrados que data do ano 2015, pódese aproveitar polo que se trasladará, e poñerá en marcha no mesmo laboraotrio garantindo o seu correcto funcionamento e seguridade. As outras tres vitrinas, adquiridas a principios dos 2000, non se poden aproveitar polo que se procederá a retirada, así como a súa xestión como residuo conforme á normativa vixente. A instalación dun sistema de cerramento ventilado asociado a un dixestor de microondas existente no laboratorio de análise físico-químico. A instalación dun cerramento ventilado na sala de moenda composto por unha campá de succión que cubra a zona dos muiños para a extracción de pó e a instalación dun sistema	72.000,00 €



de aspiración centralizada con diferentes tomas de succión ubicadas na sala de moenda e unha na sala NIR que permita a succión localizada mediante brazos flexibles do pó xerado durante a preparación das mostras, uso dos muiños e analise NIR.

A necesidade desta actuación vén motivada polo estado actual das cabinas de extracción existentes:

No laboratorio de analise físico-químico, tres das cabinas de extracción de gases que presentan unha antigüedade aproximada de 20 anos e foron reaproveitadas do antigo laboratorio para a súa instalación no actual edificio. Estes equipos presentan un avanzado estado de deterioro debido ao uso continuado e á exposición prolongada a gases corrosivos, así como importantes deficiencias funcionais nos seus sistemas de seguridade, iluminación e control da extracción, o que compromete tanto a seguridade do persoal como o cumprimento das condicións de traballo esixibles nun laboratorio.

Na sala de moenda, na actualidade soamente hay tres puntos de succión de pó localizado. Este sistema é insuficiente para asegurar a correcta extracción do pó da sala.

Con esta outra intervención preténdese mellorar substancialmente as condicións de seguridade e hixiene no laboratorio e sala de moenda, optimizar a eficiencia do sistema de extracción, reducir riscos laborais asociados á manipulación de produtos perigosos e garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN



EXPEDIENTE	2026006249
ASUNTO	INFORME PROPOSTA PARA TRAMITACIÓN DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DE 2026 DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE
TRÁMITE	SOLICITUDE

Ante a necesidade de financiamento para realizar un convenio de colaboración coa Asociación Cultural Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas con motivo da celebración da XXVIII Edición do encontro FORO ACUI (sustentabilidade, acuicultura, recursos mariños e innovación científica). que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, trasládase a seguinte proposta de modificación orzamentaria de suplemento de crédito para financiamento con remanentes de Tesourería, conforme ó seguinte cadro:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBXECTO	ENTIDADE BENEFICIARIA	IMPORTE
24/410.4190.489.01	XXVIII Edición do Foro Acui	Asociación Cultural Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas (NIF: G-15870223)	3.000,00 €

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial é preciso modificar as seguintes aplicacións:

1. Na aplicación 26/330.3340.489.05 consignar as seguintes subvencións nominativas por un importe total de 75.000,00 €:

CIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
G-36 030 989	Sociedad Musical de Muimenta	150º Aniversario da agrupación	10.000,00 €
G-94 081 155	Asoc. Cultural Banda de Gaitas do concello de Forcarei	Camiños Atlánticos (De Pontevedra a México)	15.000,00 €
G-36518108	Asoc. Cultural Mariñoleira	Participación da Banda de Música Municipal de Caldas de Reis no Certame Mundial de Bandas en Kerkrade (Holanda)	15.000,00 €
G-36027928	Asoc. Agrupación Musical do Rosal	Participación da banda de música no Certame Mundial de Bandas en Kerkrade (Holanda)	15.000,00 €
G-94114881	Asoc. Cultural Acordeonistas Estradenses	V festival de acordeóns música no camiño	7.000,00 €
G-36141018	Ateneo de Pontevedra	Actividades 2026: Ciclos varios	6.000,00 €
G-36285211	Sociedad Filatélica e Numismática Guardesa	FILATEM 2026	7.000,00 €



SOCIEDAD MUSICAL DE MUIMENTA

A Banda de Musica “Popular de Muimenta” (Lalín), constituída no ano 1.875, é unha das mais antigas de Galicia.

Dende a súa fundación estivo sempre activa e ao fronte da mesma estiveron 12 directores durante a súa traxectoria, entre eles o seu fundador José Vilariño García, veciño da parroquia de Muimenta.

Cando non existían escolas de música eran os compoñentes veteranos os que daban clases de solfexo e instrumental os interesados en aprender a tocar un instrumento, moitas veces animados pola familia ou os propios músicos para que a Banda non desaparecera, contando por aqueles anos con 12 ou 15 compoñentes soamente e algún ano se non podían dispoñer de director, por tema económico ou escaseza dos mesmos, facíase cargo dos ensaios e as festas o músico mais hábil ou decidido.

Ao longo da súa traxectoria participou en Festivais Musicais, estando en posesión de diversos galardóns: 1º Premio no “Festival de Bandas da Estrada” no ano 1.975, “Premio da Carballeira de Cercio” no ano 2013, pola divulgación da música popular, Premio “Lalinenses do Ano 2025”, etc.

Neste 2026, o 17 de xaneiro, levaron a cabo o acto da “Gala do 150 aniversario da Banda de Muimenta que tivo lugar no Lalín Arena con entrada gratuíta e á que asistiron unhas 2.000 persoas. Neste evento participaron artistas convidados os cantantes: Antonio Barros, Miguel Torres, Luis Rey, Pachi, Eric Hidalgo, Silvia Ferre e Sito Mariño.

Neste evento tamén participaron a Orquesta Compostela, Coral Polifónica de Agolada, Grupo de Baile A Carballeira de Cercio, e as Bandas de Música restantes do Concello de Lalín, Banda de Vilatuxe, Banda de Lalín e Banda A Lira de Prado, que xunto coa Banda anfitriona ofertaron un concerto conxuntamente pa rematar o acontecemento. Trátase dun evento de gran importancia para esta agrupación.

Trátase dunha das bandas de música máis antigas de Galicia que contribúe ao mantemento da música popular e merecedora dun recoñecemento especial despois de 150 anos de traxectoria.

ASOC. CULTURAL BANDA DE GAITAS DO CONCELLO DE FORCAREI

A Banda de Gaitas do concello de Forcarei nace no ano 2006, impulsada por David Raposeiras. A formación xorde inspirada pola terra dos gaiteiros e ten como eixo principal a lembranza e posta en valor da figura de Avelino Cachafeiro “O gaiteiro de Soutelo”, referente fundamental da música tradicional galega.



Na actualidade, a banda conta con preto de 50 músicos e músicas, procedentes maioritariamente da súa Escola da Banda, que funciona como unha canteira en continuo crecemento e garante a continuidade xeracional do proxecto.

Dentro do seu compromiso coa conservación do patrimonio cultural do seu entorno, a banda organiza anualmente unha homenaxe a unha figura significativa da comarca, enmarcada no seu propio festival de música de primavera, reforzando así o seu papel como axente cultural activo no territorio.

No ámbito da proxección exterior, a Banda de Gaitas de Forcarei participou na 43ª edición do Festival Intercéltico de Lorient (2013) e no Mercatino di Natale dei Popoli en Rovereto (Italia). Realizou numerosas actuacións por todo o Estado e Portugal (Santander, Granollers, Madrid, Portugal) e pechou a derradeira noite da 31ª edición do Festival Celta de Ortigueira, conectando cun público diverso a través da súa proposta artística.

Este ano levarán a México o proxecto Camiños do Atlántico, unha xira cultural en México da Banda de Gaitas do Concello de Forcarei, acompañada polo grupo MusicGlam e polas artistas convidadas Icíá Varela e José Manuel López “Josele”, coa participación de máis de 60 músicos e músicas. A iniciativa xorde a partir da invitación formal da colectividade galega en México e concíbese como unha acción estratéxica de promoción cultural e turística da provincia de Pontevedra, conectando música tradicional, diáspora galega e o Camiño de Santiago como eixo simbólico e turístico de proxección internacional.

OO proxecto inclúe dous concertos de gran formato e dous pasarrúas con concerto en espazos culturais e urbanos de referencia, entre eles o Centro Galego de México e o Teatro Matamoros de Morelia (contan coa invitación do Gobernador Constitucional do Estado de Michoacán de Ocampo). A través destas accións, establécese unha metáfora cultural entre os camiños migratorios atlánticos, os camiños da música tradicional e o Camiño de Santiago, posicionando a provincia de Pontevedra como territorio clave das rutas xacobeas, da acollida e do encontro entre culturas.

Neste contexto, Camiños Atlánticos establece un diálogo entre o Camiño de Santiago e os camiños da diáspora galega cara a América, especialmente México. A música tradicional galega convértese así nun fío condutor que conecta persoas, territorios e memorias, reforzando a imaxe de Pontevedra como porta atlántica do Camiño e como destino turístico cultural de referencia de aí a importancia da participación desta agrupación neste proxecto.



BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE CALDAS DE REIS

A Banda de Música Municipal de Caldas de Reis, que depende da Asoc. Mariñoileira, realiza a súa presentación oficial na I Xuntanza de Bandas de Música Vila de Caldas de Reis o 14 de agosto de 2005, baixo a dirección de Milagros Valiño Ferreiro, a súa primeira directora titular.

A mediados de 2007 faise cargo da dirección da agrupación Daniel Portas González, e nese mesmo ano a Banda participa no “VII Certame de Bandas da Deputación de Pontevedra”, conseguindo o 2º premio na 3ª Sección. A partir dese momento participa en numerosos certames provinciais, autonómicos e internacionais, destacando:

123ª e 125ª do Certame Internacional de Bandas de Música Ciutat de Valencia”, nos anos 2008 e 2011, 1º Premio no XX Certame Internacional de Bandas de Música “Villa de Aranda” e no XII Certame Galego de Bandas de Música Populares, no XV Certame Galego de Bandas de Música Populares e acadan o 2º posto, no 2023 participan no XVI Certame Galego de Bandas de Música Populares, conseguindo o 1º Premios na Sección Primeira, no 2024 acadan o 1º Premio na Sección Segunda no Certame Galego de Bandas de Música Populares e no Certame Internacional de Bandas Ciutat de Valencia, no 2025 obtivo o galardón na categoría de bandas de música nos Premios Martín Códax da Música 2025. ---

Pola súa traxectoria foron seleccionados para participar no Certame Mundial de Bandas que se celebra cada catro anos en Kerkrade (Holanda) e polos premios importantes acadados ata o de agora e que terá lugar o 1 e 2 de agosto de 2026.

Trátase de colaborar con esta agrupación nunha unha aventura musical de altura como é competir polo título de campeona mundial no World Music Contest (WMC) de Kerkadre, nos Países Baixos, coñecido como os Xogos Olímpicos da música de vento.

AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL

A banda de música da Agrupación Musical do Rosal presentouse ó público o 4 de maio de 1986, sendo o seu director Laureano Matos Barcia. Dende entón levan pasado pola agrupación varios directores José Luis Represas Carrera (1988-1990), José Vicente Simeó Máñez (1990-2006), Diego Javier Lorente López (2006-2012), Marcel van Bree (2012-2014), Carlos Ramón Pérez (2014-2015), José Javier Bascoy Iglesias (2015-2019) e dende agosto de 2019 está ó cargo da dirección Javier Alonso Pérez.



Dende a súa creación leva organizando innumerables actos culturais, concertos pedagóxicos, de grupos de cámara, con acompañamento coral..., e desde o ano 1989 organiza anualmente o "Festival de Músicos Xoves", que xa contou coa participación de bandas da Comunidade Valenciana, Murciana e tamén do veciño Portugal.

Participa en infinidade de certames, festivais, concertos, ... e realiza importantes intercambios culturais con outras bandas galegas, así como do resto de España.

Participou en numerosos certames provinciais, nacionais e internacionais entre os que destacan os seguintes:

1991: 2º Premio (na máxima categoría), no Certame de Bandas Galegas celebrado en Lalín.

1995: 1º Premio no I Certame de Bandas de Música Populares Galegas, organizado pola Consellería de Cultura – Xunta de Galicia en colaboración coa R.T.V.G.

1996: 1º Premio no II Certame de Bandas de Música Populares Galegas, organizado pola Consellería de Cultura – Xunta de Galicia en colaboración coa R.T.V.G.

1999: Premio da Música concedido pola Fundación Premios da Crítica Galicia, "pola excelente calidade conseguida dentro da moi positiva evolución das bandas populares galegas".

2000: 2º Premio no CXIV Certame Internacional de Bandas de Música "Ciudad de Valencia" na 1ª Sección, celebrado no Palau da Música de Valencia.

2001: 2º Premio no XXX Certame Internacional de Bandas de Música "Vila de Altea" (Alacante), celebrado no Palau da Música de Altea, e participando xunto coa Banda Sinfónica da Unió Musical de Lliria.

2002: 1º Premio e Mención de Honra no II Certame Provincial de Bandas de Música (Sección Especial), organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2003: 1º Premio no CXVII Certame Internacional de Bandas de Música "Ciudad de Valencia" na Sección Especial, celebrado na Praza de Touros de Valencia.

2003: 1º Premio e Mención de Honra no III Certame Provincial de Bandas de Música (Sección Especial), organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2004: Premio Are-More concedido polo Concello de Vigo.

2005: 1º Premio no XXXII Certamen de Bandas de Música Civiles Amateurs de Campo Criptana (Cidade Real).

2009: 1º Premio no Certame Provincial de Bandas (Sección Especial), organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra.



2010: 1º Premio no Certame Zonal de Bandas da Deputación de Pontevedra (Sec. 1ª).

2011: 1º Premio no V Certame Galego de Bandas de Música (Sec. 1ª) organizado pola Federación Galega de Bandas.

2013: Premio César Dios Diosiño, Premio Provincial á Cultura 2012, outorgado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2017: 3º Premio no 131º Certame Internacional de Bandas de Música «Ciudad de Valencia» (Sec. 1ª), celebrado no Palau da Música de Valencia.

Actualmente, a banda está formada por máis de 80 compoñentes; a maioría deles están cursando estudos musicais en conservatorios profesionais e superiores, chegando a participar en formacións como a Escola de Altos Estudos, Orquestra Sinfónica de Galicia ou JONDE.

Pola súa traxectoria, ao igual que a Banda de Música Municipal de Caldas de Reis, foron seleccionados para participar no Certame Mundial de Bandas que se celebra cada catro anos en Kerkrade (Holanda) e polos premios importantes acadados ata o de agora e que terá lugar o 1 e 2 de agosto de 2026.

Trátase de colaborar con esta agrupación nunha unha aventura musical de altura como é competir polo título de campeona mundial no World Music Contest (WMC) de Kerkadre, nos Países Baixos, coñecido como os Xogos Olímpicos da música de vento.

ASOC. CULTURAL ACORDEONISTAS ESTRADENSES

A tradición do acordeón está moi viva na Estrada, especialmente a través da Asoc. Acordeonistas Estradenses, creada no 2017, e que dende o ano 2022 ven organizando o festival de acordeóns Música no Camiño, que este ano chega a súa cuarta edición. Neste festival veñen participando grupos de Galicia, resto de España e Portugal. Este festival naceu con vocación de continuidade e xurdiu pola vinculación directa coas diversas rutas Xacobeas, en especial, o camiño da Geira e dos Arrieiros, que sae desde Braga (Portugal) e unha das etapas transcorre polo concello da Estrada, antes de chegar a Santiago de Compostela. Trátase dun evento importante para a cultural musical da localidade que se leva a cabo no Teatro Principal da Estrada e promove a tradición do acordeón entre diferentes xeracións.

Este festival estase a converter un referente dentro do panorama musical de acordeóns, sendo o festival internacional máis importante de Galicia.



Neste evento anual, veñen participando grupos de acordeóns que existen en Galicia, e sempre contan con grandes artistas consagrados como María Jesús e o seu acordeón (2023), toda unha institución neste instrumentos ou, no 2025, a participación estelar da Orquesta Sinfónica de acordeóns de Bilbao ou a Banda de Acordeóns Metropolitana de Mos, que ofreceron un repertorio innovador con música moderna.

Este festival consta de dous apartados:

- Xornada de portas abertas “día do acordeón”, nas que en distintas salas se realizan: obradoiros, exposicións, proxeccións de vídeos de como se constrúe, se afina, reparan, coidados e mantemento, tipos de acordeóns, etc.
- O festival propiamente dito, que se leva a cabo no Teatro principal da Estrada.

Con este festival trátase de manter viva esta tradición musical, promover a aprendizaxe e a práctica dun instrumento como é o acordeón e de resaltar a importancia do mesmo na cultura local.

ATENEO DE PONTEVEDRA

O Ateneo de Pontevedra é unha asociación cultural de referencia na provincia de Pontevedra que se creou en 1966 e que se dedican ao impulso e á divulgación da cultura.

Entre os seus fundadores estiveron Filgueira Valverde, Agustín Portela, Cuña Novás, Gonzalo Adrio, Lazcano Castedo ou Alfonso Zulueta, quen tamén foi o seu primeiro presidente

É o primeiro Ateneo de Galicia e dedícase a promover diferentes actividades culturais nas que promove a liberdade de discusión e a independencia de criterio. A Ateneo ten a súa actual sede na Casa das Campás e desenvolve anualmente entre 40 e 50 actividades culturais nas que se inclúen diversos ciclos, entre eles: Ciclo “Figuras pontevedresas”, ciclo “Tambores de guerra”, presentacións, etc.

SOCIEDADE FILATÉLICA E NUMISMÁTICA GUARDESA

O 28 de xuño de 1964 fúndase o Grupo Filatélico Guardés como sección filatélica da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla. O 12 de marzo de 1997 apróbase a refundación da sociedade e pasa a denominarse Sociedade Filatélica e Numismática guardesa.

Ao longo da súa historia destacaron os coleccionistas temáticos e as súas coleccións, ademais de impartir cursos y conferencias sobre filatelia temática.



Destacan as coleccións temáticas “Ese desconocido principio de la vida” con medalla de Prata Grande nacional, “Terra Australis Igota” con medalla de Vermeil Grade nacional, “Estilos arquitectónicos religiosos” con medalla de Ouro nacional, Faros con medalla de Prata Grande Nacional, Belleza Natural con medalla de Vermeil ou “Colón; Rumbo a las Indias” con medalla de Ouro Mundial, Gran Premio de la Exposición Nacional e no 2006 mellor colección de España.

O auxe da Filatelia Temática xorde con forza nos anos 80, polo que conleva a FESOFI a crear exposicións competitivas exclusivamente de filatelia temática (FILATEM), exposicións que FESOFI pode autorizalas e contar coa participación de Correos e FNMT á calquera sociedade filatélica asociada.

No nos país a primeira exposición temática levouse a cabo en Oviedo no ano 1974 TEMASPANIA 74, coa participación de 22 coleccións.

En 1985, Santa Cruz de Tenerife acolle a que sería a segunda Exposición Nacional de Filatelia Temática, neste caso TEMATEM.

Un año despois en 1986, a cidade de Calella celebra a terceira exposición, que nesta ocasión xa pasou a denominarse FILATEM.

Seguiron en Palencia 1990, Granada 1995, Palma de Mallorca 1999, Benavides de Orbigo 2006 e Avilés 2010.

A Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa é unha potencia nacional nesta clase de filatelia polo que os leva á organización da exposición FILATEM 2026, unha exposición temática que terá lugar do 8 ao 12 de outubro no concello da Guarda.

Participarán, nesta exposición aproximadamente sobre unhas 30 coleccións temáticas de España, Portugal e Francia, aproximadamente unhas 180 vitrinas nas que estarán as mellores coleccións de filatelia temática de España e que competirán entre elas polo gran premio da exposicións e os seus respectivos premios e medallas.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe





ASUNTO	ORZAMENTO 2026: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	Informe- proposta do Museo

A xefatura de xestión do Museo coa conformidade do Vicepresidente, no que a planificación orzamentaria do servizo se refire, de cara a xustificación dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan, e que comparten a característica común, de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, elabora o presente

INFORME

1.- REPARACIÓNS, MAQUINARIA E INSTALACIÓNS

- Dotación inicial no orzamento do ano 2026: 66.000,00 €
- Aplicación orzamentaria: 333.3330.213.00

Os edificios do Museo de Pontevedra están dotados de maquinaria e instalacións específicas e que requiren continuas reparacións e/ou substitucións. En termos xerais son maquinarias e instalacións moi específicas, con poucas opcións no mercado e elevados custes. De igual xeito, en termos xerais son instalacións que precisan ser reparadas con brevidade posto que alcanzar a temperatura, humidade o levar a cabo procesos necesario para garantir a conservación das obras que alberga o Museo.

O Edificio Castelao está dotado de dúas caldeiras das que dependen a climatización do edificio e, como motivo de diversos fallos que presenta, conlevando a bloqueos da mesma, e preciso levar a cabo unha reparación da mesma para restablecer o seu normal funcionamento.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3340.231.00_Reparacións, maquinaria e instalación	40.000,00€

2.- INVESTIMENTOS (EDIFICIOS E/OU CONSTRUCCIÓN DO MUSEO)

4.1.- OBRA DE REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA INCORPORALO Ó MUSEO

Actualmente foi iniciado o expediente de adxudicación para a redacción da obra de rehabilitación do Recinto Conventual de Santa Clara polo que non existe un importe exacto para a execución da obra, non obstante o custe estimado é de 23.000.000,00€

Entre os traballos que é preciso realizar neste ano, atópase a tala de árbores na superficie do bosque do recinto conventual de Santa clara, previo o inicio das



sondaxes e escavacións arqueolóxicas a realizar (estimado en 15.000,00€) e a xestión de terras (recollida, tratamento e reciclaxe) de todas as terras procedentes da escavación arqueolóxica que se levará a cabo na zona do bosque do recinto conventual de Santa Clara. Estes traballos realizaranse en paralelo coas sondaxes e escavacións arqueolóxicas (estimado o custe en 65.000,00).

No relativo as sondaxes arqueolóxicas, obtida a autorización de Patrimonio, conclúese que será preciso realizar unha modificación do contrato ó ser necesario incrementar as sondaxes na zona do bosque, motivo polo cal é necesario dotar o proxecto de gato cun importe (que á presente data é estimado) de 100.000,00€

Como se indica, os traballos que se deben realizar previos ou en paralelo ós traballos de sondaxes arqueolóxicas, así como a modificación do contrato, comezarán a finais do primeiro semestre ou principios do segundo semestre do ano 2026, motivo polo cal é preciso dotar o proxecto de gasto co seguinte importe estimado:

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.632.03 (proxecto de gasto 2022068178)	180.000,00€

Por outra banda, solicítase a dotación económica adicional de 10.000.000,00€ ao proxecto de gasto correspondente á obra de rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual do Convento de Santa Clara para a súa incorporación ao Museo xustifícase nos seguintes termos:

En primeiro lugar, cómpre sinalar que no Orzamento do exercicio 2026 non se incorporaron remanentes de crédito procedentes de exercicios anteriores, circunstancia que xerou unha insuficiencia de crédito no proxecto de gasto actualmente en execución. Esta situación non responde a unha minoración do alcance do proxecto nin a unha redefinición técnica do mesmo, senón exclusivamente á falta de dispoñibilidade orzamentaria derivada da non incorporación de remanentes.

En segundo lugar, o proxecto de gasto contaba xa cunha dotación previa próxima aos 11.000.000,00€ o que evidencia que a actuación se atopa nunha fase avanzada de execución e que existe un compromiso económico consolidado coa obra. Non obstante, para poder garantir a culminación íntegra dos traballos previstos no proxecto de rehabilitación e ampliación, resulta imprescindible reforzar o financiamento inicialmente previsto.

A suplementación solicitada por importe de 10.000.000,00€ permitirá:

- Atender a execución de todas as unidades de obra pendentes.



- Finalizar as intervencións estruturais, arquitectónicas e de adecuación museográfica previstas.
- Cumprir cos estándares técnicos, patrimoniais e funcionais necesarios para a incorporación efectiva do recinto ao Museo.
- Evitar a paralización ou ralentización dos traballos, co conseguinte incremento de custos futuros da actuación.

En consecuencia, a ampliación de crédito solicitada non constitúe unha nova iniciativa, senón a garantía orzamentaria necesaria para concluír unha actuación estratéxica xa iniciada e dotada previamente, asegurando a correcta finalización da rehabilitación e a posta en funcionamento do espazo como equipamento museístico.

Por todo o exposto, queda suficientemente xustificada a dotación adicional de 10.000.000,00€ no exercicio 2026, como medida imprescindible para culminar o proxecto conforme ao aprobado e comprometido.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.632.03 (proxecto de gasto 2022068178)	10.000.000,00€

4.2.- OBRAS DE CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN E INTERCONEXIÓN ACCESIBLE E SUBSOLO DOS EDIFICIOS CENTRAIS DO MUSEO

Actualmente o proxecto de consolidación, restauración e interconexión accesible e subsolo dos edificios centrais do Museo, está pendente de que polo arquitecto redactor se modifique e inclúan as observacións postas de manifesto no informe emitido pola delegación territorial de Patrimonio da Xunta de Galicia.

O orzamento do proxecto é de: PEC: 9.868.042,35€
IVE (21%): 2.072.288,80€
TOTAL: 11.940.332,15€

Actualmente é preciso contratar (mediante contrato público) a asistencia técnica para adaptar o proxecto polo arquitecto redactor, gasto que debe ser imputado o proxecto de proxecto de gasto 2022068830, polo que é necesario dotar o proxecto para atender a dita necesidade.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.632.03 (proxecto de gasto 2022068830)	20.000,00€



4.3- MELLORAS EN MAQUINARIA

Infórmase de que a cámara de anoxia do Museo de Pontevedra sufriu unha avaría no compresor, o que impide o seu correcto funcionamento nestes momentos.

Tras a revisión realizada, considérase necesario levar a cabo unha mellora na máquina, incluíndo a substitución do compresor, co fin de garantir a súa operatividade e un uso seguro e eficaz conforme aos requirimentos técnicos do equipo.

O uso da cámara de anoxia é imprescindible como ferramenta fundamental de conservación preventiva, xa que permite eliminar insectos e outros organismos que poden causar graves danos aos bens culturais, sen recorrer ao uso de produtos químicos.

Este sistema baséase na redución do osíxeno, o que provoca a eliminación das pragas en todas as súas fases de desenvolvemento (ovos, larvas e adultos), garantindo así a protección integral das pezas. Trátase dun método seguro, non tóxico e respectuoso cos materiais, especialmente axeitado para obxectos de madeira, papel, tecidos, coiro e outros materiais sensibles.

O uso da cámara de anoxia contribúe a preservar a integridade das coleccións, a prolongar a súa vida útil e a cumprir cos criterios actuais de conservación do patrimonio cultural, que priorizan técnicas sostíbeis e non invasivas. Ademais, reduce os riscos para o persoal e evita a exposición do público a substancias perigosas.

Por todo isto, a cámara de anoxia é un equipamento esencial para garantir a correcta conservación e protección dos fondos dun museo.

Aplicación orzamentaria	Importe
333.3330.633.01_Melloras en maquinaria	70.000,00€

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial



En base o exposto, e visto que os gastos a efectuar, non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para cales non resulta suficiente o crédito existente, o Museo de Pontevedra INFORMA favorablemente a tramitación do expediente para a habilitación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias, conforme o seguinte:

CONCPETO	APLICACIÓN	IMPORTE ESTIMADO POR APLICACIÓN
Reparacións, maquinaria e instalacións	333.3340.231.00 _ Reparacións, maquinaria e instalación	40.000,00€
TOTAL CAPÍTULO II		40.000,00 €
Obra de rehabilitación do Convento de Santa Clara	333.3330.632.03 (proxecto de gasto 2022068178)	10.180.000,00€
Obra de restauración e interconexión Edificios Centrais do Museo	333.3330.632.03 (proxecto de gasto 2022068830)	20.000,00€
Melloras en maquinaria	333.3330.633.01 _ Melloras en maquinaria	70.000,00€
TOTAL CAPÍTULO VI		10. 270.000,00€

O que se traslada ós efectos oportunos.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital





EXPEDIENTE	2026006249
ASUNTO	M.C. 01/2026, EXPEDIENTE DE M. CRÉDITOS: CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS, MODIFICACIÓN DE BASES DE EXECUCIÓN NOMINATIVAS (A. PLENO)
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar varias actuacións durante o exercicio 2026 para o correcto desenvolvemento dos fins previstos.

Os resultados de promoción turística acadados coa etapa de “La Vuelta a España” foron moi satisfactorios para o destino Rías Baixas. Neste exercizo 2026, espérase un impulso do ciclismo feminino en Galicia con novas etapas e percorridos con respecto a anos anteriores. Co fin de seguir impulsando a etapa de “La vuelta ciclista a España” feminina, precísase financiación co obxecto de patrocinar este evento de especial envergadura turística. Proponse a xeración de crédito por importe de 75.000,00 €.

Proponse a xeración de crédito por importe de 75.000,00 €, destinada a subvencións polo procedemento de concorrência competitiva ós Concellos para a adquisición de material, comunicación turística e apoio a eventos.

Coa intención de levar a cabo a actuación de recuperación patrimonial do xacemento da Lanzada, faise necesaria a tramitación dun convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo. As actuacións suporán un investimento de 415.560,48 €, polo que se precisa a xeración de crédito por dito importe para o exercizo 2026.

Proponse establecer un aumento da dotación previstas nas bases de execución do Orzamento do exercizo actual, no que se refire a subvencións de carácter nominativo. De xeito que a entidade Asociación Cluster Empresarial de Turismo de Galicia con C.I.F. nº G70377338, pasaría de obter unha subvención nominativa de 8.000,00 a 20.000,00 €, para a actividade “Promoción turismo da provincia, proxecto Cluster”. O que supón un incremento de 12.000,00 €.

Proponse a concesión das seguintes subvencións nominativas ás entidades e para as finalidades que se contemplan a continuación:

- Confederación Española/Asociación Galega de Axencias de Viaxes, con C.I.F. nº G85041861, para a actividade “Cumbre Hispano Lusa de axencias de viaxes na provincia de Pontevedra”, por importe de 15.000,00 €.
- Fundación Rogelio Groba, con C.I.F. nº G36433712, para a realización da actividade “Festival Groba”, por importe de 15.000,00 €.



- Asociación de vecinos O Castro de Santa María de Mourente, con C.I.F. G36017143, para a realización da actividade “Festa do Caldo”, por importe de 6.000,00 €.

PROPOSTA:

O importe total da modificación proposta ascende 613.560,48 € desagregada da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
26/433.4320.226.20	75.000,00 €	Gastos de Promocion
26/433.4320.462.04	75.000,00 €	A ayuntamientos, ferias y fiestas
26/433.3361.762.52	415.560,48 €	Xacementos
26/433.4320.489.01	12.000,00 €	Otras transferencias varias
26/433.4320.489.01	15.000,00 €	Otras transferencias varias
26/433.4320.489.01	15.000,00 €	Otras transferencias varias
26/433.4320.487.01	6.000,00 €	Actividades de fomento eventos turísticos

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, proponse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Firmado por: ROMINA MARÍA FERNÁNDEZ PENA - ***2645**
Cargo: Directora do Servizo de Turismo
Data: 16/02/2026 09:26

Firmado por: AMANDA YANIN SARTIER SABURIDO - ***3065**
Cargo: Xefa de sección de turismo
Data: 16/02/2026 09:25
P.D.: RP2024003232

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 16/02/2026 10:25

